O blog de orientación como ferramenta de información e aprendizaxe. Barbón blog

Daniel Veiga Martínez
IES García Barbón
http://orientacion.blogia.com/

1.- Un proxecto que se chama "Orientarse con internet"

O Departamento de Orientación do I.E.S. "García Barbón" de Verín (Ourense), ofrece ao alumnado unha actividade formativa que chamamos "Orientarse con internet". Os obxectivos de tal traballo pedagóxico son dous: potencia-lo uso informado de internet e axudar no proceso de información académica e profesional
dos adolescentes.

ORIENTARSE CON INTERNET
http://static.scribd.com/docs/8dpul9iz8t2l.swf (Proxecto de "Orientarse con internet" 2006/2007)
http://static.scribd.com/docs/fxlf6fueowkzw.swf (Documento de "Orientarse con internet" para Bacharelato)

Nos sete anos de duración do Proxecto "Orientarse con internet" –2000/2007- o mes de febreiro de 2005 foi de especial relevancia para nós: creamos o Blog de Orientación

2.- O Blog de Orientación como guía de información académica e profesional. A Blogorientación

A planificación dun blog que pretende servir como Guía de Información Académica e Profesional é unha tarefa en construcción permanente. Considero que a elaboración dun blog require dun traballo previo de documentación –análise e valoración da documentación- e dunha boa disposición para a aprendizaxe diaria.
Un blog é unha ferramenta de formación.

O Blog de Orientación foi deseñado, nun primeiro momento, para atender ás necesidades de información académica e profesional dos mozos e mozas do centro. As primeiras aportacións que elaboramos e publicamos –das titulacións universitarias e de formación profesional- son as que solicitou maioritariamente o alumnado.

Nun segundo momento, fomos engadindo outros temas e máis contidos no blog. O obxectivo xeral da nosa bitácora, a medio prazo, é o de chegar a ser un

servizo de información académica e profesional relativamente completo, actualizado e participativo.

O mantemento dun blog e a creación habitual de contidos require dun traballo previo de documentación e análise da información. O noso interese por internet como útil recurso de para as tarefas de información académica e profesional (Veiga, 2003a; Veiga, 2004; Veiga, 2005 e Veiga,2006a) acredita unha parte da base informativa que nos axudou a crear o Blog de Orientación.

As outras aportacións que nos permiten dotar de contidos ao Blog de Orientación teñen relación coa utilización de distintas estratexias e ferramentas:

1.- Uso habitual de buscadores, metabuscadores e recursos específicos e especializados de información.

2.- Uso diario de BLOGLINES -servizo de engadido de RSS de múltiples fontes informativas-.

3.- Consulta de distintas páxinas web de información institucionais –Xunta de Galicia, Universidades, Consello da Cultura Galega, etc- e de xornais e revistas especializadas.

4.- Lectura de libros e revistas.

Actualmente, os temas que podemos consultar suman doce e dispomos dunha Guía Didáctica.

A Guía Didáctica facilita unha aproximación aos contidos xerais do Blog e posibilita unha navegación máis eficaz. En consecuencia, recomendamos aos nosos visitantes que consulten a Guía Didáctica.

Complementariamente, sinalar que o Blog de Orientación só ofrece información de estudos relativa á Comunidade Autónoma de Galicia –estudos universitarios e de formación profesional-, pero que moitas das informacións xerais que se facilitan –sobre todo nos temas de "emprego", "orientarse","universidades", "estudar ben" e "itinerarios"- poden ser de evidente utilidade para o conxunto de alumnos/as, profesores/as, familias e orientadores/as de calquera lugar.

TEMAS DO BLOG DE ORIENTACIÓN		
Guía didáctica	Orientarse	Novidades
Emprego ciclos	Formativos	Universidades
Estudar ben	Titulacións barbón	Blogs
Selectividade	Itinerarios	Xuventude
I.E.S. García Barbón		

Nun terceiro momento, consideramos moi importante que o alumnado dispoña do seu propio blog –a blogorientación- como guía de información académica e profesional –escribe e pensa sobre o seu futuro-
Paralelamente, o Blog de Orientación pode ser un dos puntos de partida para que o alumno/a poida crear, planificar e dotar de contidos a súa propia bitácora.

3.- Barbón Blog: profesorado e alumnado en acción.

O Blog de Orientación foi o primeiro blog que se creou no noso centro educativo. Pouco a pouco, traballando co alumnado e animando as tarefas de formación permanente entre o profesorado, acadouse, por unha parte, unha presenza importante das bitácoras do alumnado – co tema da orientación profesional como principal contido-, e, por outra parte, unha motivación e interese do profesorado que posiblemente potenciará o uso dos blogs e das aplicacións da web 2.0. na súa tarefa docente.

É necesario continuar coa formación do profesorado e intensificar o traballo de formación dixital co alumnado.

FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO NO CENTRO
http://seminario321.bitacoras.com (Seminario Permanente sobre Blogs) (Curso 2005/2006)
http://grupo20062007.blogia.com (Grupos de Traballo sobre Blogs) (Curso 2006/2007)
http://portasabertas2007.blogia.com (Blog da Xornada de Portas Abertas 2007) (Curso 2006/2007)

Barbón Blog é, polo tanto, unha iniciativa complexa –implica a formación do profesorado e alumnado- e ambiciosa –procura o uso intelixente de internet- na que os blogs e algunhas das aplicacións da web 2.0 xogan un papel moi importante.

4.- Reflexións finais.

En primeiro lugar, quero agradecer aos organizadores o interesante traballo realizado, o premio concedido e a posibilidade que me facilitan de poder estar aquí para falar sobre o Proxecto "Barbón Blog" é, máis en concreto, sobre o Blog de Orientación.

En segundo lugar, dicir que *escribir no blog require da realización dun proceso de aprendizaxe perseverante.* Escribir é unha actividade complexa

que require planificación –selección da información- e que implica a elaboración de procesos de razonamento. Non se trata simplemente de copiar e pegar.

En terceiro lugar, apuntar que non só se trata de crear, planificar e manter un blog –tanto no caso do alumnado como no do profesorado en formación- . Consideramos fundamental coñecer e saber usar algunhas das aplicacións que nos facilita a chamada **web educativa 2.0**. (entre outras e de maneira especial
BLOGLINES).

En cuarto lugar, sinalar que hai que **crear blogs e traballar con blogs** de maneira planificada e reflexionando sobre as súas potencialidades e as súas limitacións, sobre todo na aula e nas diferentes areas curriculares.

En quinto e último lugar, anotar que é necesario que a **Administración Educativa Galega** considere as aplicacións da web 2.0 –en especial os blogs- como ferramentas de utilidade didáctica e que potencia de
maneira planificada e decidida a formación permanente do profesorado no ámbito das novas tecnoloxías.

5.- Bibliografía e referencias web.

VEIGA, D. (2003a) "Orientación profesional y nuevas tecnologías: una experiencia trianual" en Congreso Virtual Educa 2003. En internet en : http://www.virtualeduca.org/2003/es/actas/11/11_19.pdf

VEIGA, D. (2003b) "Orientarse con internet en Secundaria: webs de información académica y profesional". En Congreso Iberoamericano de Comunicación y Educación. En internet en: http://www.ateiamerica.com/doc/orientarse.pdf

VEIGA, D. (2004) "Orientación académica y profesional del alumnado de Bachillerato mediante el uso de internet". En CIVE 2004 -IV Congreso Internacional Virtual de Educación-. En internet en: http://apcala.com/ocigborienta/files/-1/932/cive2004.pdf

VEIGA, D. (2005) "Recursos de información académica y profesional para el alumnado de ciclos formativos mediante el uso de internet". En CIVE 2005 -V Congreso Internacional Virtual de Educación-. En internet en http://apcala.com/ocigborienta/files/-1/933/cive2005.pdf

VEIGA, D. (2006a) "Los blogs como espacios de aprendizaje: proyectos del Departamento de Orientación". En CIVE 2006 -VI Congreso Internacional Virtual de Educación-". En internet en: http://apcala.com/danielv/files/-1/1547/cive.pdf

VEIGA, D. (2006b) "O blog como ferramenta na orientación educativa". En I Encontro de Orientadores de Galicia. En internet en: http://static.scribd.com/docs/9dlr7plzp4kpf.pdf

VEIGA, D. (2006c) "O blog de orientación como guía de información académica e profesional" . En III Congreso Online - Observatorio para a Cibersociedad -. Coñecemento Aberto. Sociedade Libre. En internet en: http://www.cibersociedad.net/congres2006/gts/comunicacio.php?id=645&llengua=ga

VEIGA, D. (2007) "El blog como recurso de información académica: la blogorientación". En Monográfico de Educaweb sobre Orientación Profesional nº 140. En internet en: http://www.educaweb.com/EducaNews/interface/asp/web/NoticiesMostrar.asp?NoticiaID=2174&SeccioID=2448